Santiago I,1, Roxos d'arriba

Mª del Carmen 75 anos
Xaneiro 1981

CD 19,3

I,1,148. 30) Costureira non a quero
que se nón ríome dela
canto arpeu hai no mundo
durme na cama con ela

152. 31) Costureira bonitiña
dám'unha aghulla de plata
para sacar unha espiña
do corazón que me mata

156. 32) Costureira non a quero
tecelana non ma dan
a filla dun labradore
que sepa ghana-lo pan

161. 33) Heite d'amar paxariño ... (=57)

166. 34) Toca miña pandeireta
se non heite de rächar
que me custáche-los cartos
axúdarmos a ghanar

170. 35) Este pandeiro que toco
éche de coiro d'ovella
onte pacía no monte
oxe toca que rabea

173. 36) O pandeiro toca ben
as ferreñas danll'o son
ar moziñas que o tocan
elas de Villestro son

186. 37) Canteiros de Pontevedra
pican na pedra menuda
pican na muller ällea
outros lles pican na súa

192. 38) Unha noite no muíño...

194. 39) O muíño troula troula
nunca s'enche de troular
a filla do muiñeiro
rabea por se casar

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Santiago I, 1, Roxos d'arriba

CD 19, 3

Mª del Carmen 75 anos
Xaneiro 1981.

I,1,200. repartía

Había aquí unha fiada moi ghrande, non,
E ~~partía~~ pola parroquia adiante para que
ma fiaran. Despois cada un fiaba unha es-
topa ~~ou~~ un fío.. un liño cada ún collía ~~cerzo~~ ou
.... collía estopa; calquera cousa que lle dera a
ghana
E despois así que estaba fiado no domingo
que se poñía pra lovar esas cousas a casa donde o
repartían daban unha merenda e facíamos unha foliada.

206. 40) Miña soghra xa morreu
deixoum'o caldo na cunca
vamos come-lo caldiño
pola alma da defunta